

X. H. Costas González (2004): “Algúns documentos galegos na Sevilla do XIII”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 363-370.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ALGÚNS DOCUMENTOS GALEGOS NA SEVILLA DO XIII

Xosé Henrique Costas González

Universidade de Vigo

1. Cúmpanse agora cen anos xustos des que D. Andrés Martínez Salazar publicara nunha revista española¹ un texto medieval galego algo interferido por castelanismos léxicos e morfolóxicos. Tratábase dun texto redactado o 1 de agosto de 1285, e nada nos sorprendería daquel documento se non fose polo lugar onde fora composto: Sevilla. Noutro número desta mesma publicación dábase conta dunha vintena de documentos “gallego-leoneses” (*sic*) que, anecdoticamente, figuraban entre a documentación medieval sevillana².

No seu libro *Historia de las hablas andaluzas*, de 1993, o profesor Frago Gracia volve insistir na sobranceira presenza etno-lingüística galega na Sevilla medieval e da súa contribución para o nacemento do particularismo fonético andaluz. Frago xa non insiste tanto na presenza ou ausencia de documentos galegos, a penas menciona o xa comentado de Martínez Salazar que el coñece a través do volume de Ostos/Pardo³, pero si aporta abundantísima información acerca de numerosos galeguismos en textos sevillanos do XIII, como veremos máis adiante⁴.

2. É hoxe lugar común entre os historiadores da reconquista recoñecer que nas repoboacións dos territorios andaluces conquistados ós musulmáns no século XIII interviñe-

¹ A. Martínez Salazar, (1896: 232-233).

² José Villa-amil y Castro, nunha breve nótula publicada nun número de 1898 da madrileña *Revista Crítica de Historia y Literatura*, cita por referencias unha noticia dun estudioso hispalense na que dá conta da presenza destes textos galegos entre a documentación medieval sevillana coñecida na época. Nesta revista publícanse moitas referencias á Galicia medieval: bibliografía de diarios de peregrinos e viaxeiros, textos galegos medievais, pequenos estudos sobre a época castrexa, etc., etc.

³ P. Ostos e M.^a L. Pardo (1989: 317-318).

⁴ J. A. Frago Gracia (1993: 69-76).

ron con importancia colonos das máis diversas nacións setentrionais ibéricas. Así, á par de repoboadores casteláns, rexístrase unha importante afluencia de colonos astur-leoneses e galegos e, en moita menor medida, vasco-navarros, aragoneses e cataláns, xunto a unha mínima achega demográfica de xentes portuguesas, francesas ou xenovesas instaladas en puntos moi concretos da xeografía andaluza.

A historia é clara ó nos informar dunha composición demográfica moi heteroxénea na Andalucía reconquistada no século XIII, con xentes de diversas nacións, linguas e variantes lingüísticas⁵. Son tamén nidas as noticias que nos proporcionan a idea de que no occidente andaluz predominou o elemento repoboador do noroeste peninsular, é dicir, astur-leonés e galego, a xulgar polos restos toponímicos e polos apelidos de moitos dos primeiros poboadores⁶.

Todos estes elementos étnico-lingüísticos, tanto peninsulares coma, en moita menor medida, extrapeninsulares, tiveron que se castelanizar ó se-lo castelán lingua principal do reino conquistador e, en certa maneira, lingua-ponte para a comunicación entre os diversos elementos que chegaban a coloniza-lo mediodía do Reino de Castela. Deste xeito, e en opinión dos distintos autores, iríase producindo unha nivelación lingüística do castelán sobre a base de variantes peninsulares entrecruzadas, nivelación esta da que xorden xa con anterioridade ó século XV os particularismos das falas andaluzas⁷:

“Y como (...) comprobaremos, ni aun los individuos cultos nacidos en Galicia, Asturias y algunas zonas leonesas tras varios años de estancia en Sevilla lograban desprenderse de todas sus peculiaridades idiomáticas maternas cuando empleaban el castellano, lo cual a no dudarlo suponía una suerte de fermento dialectalizador”.

⁵ Existen evidencias documentais da repoboación de Camas (Sevilla) con cen besteiros cataláns, ou de Coria del Río (Sevilla) con cento cincuenta arqueiros cataláns e as súas familias, no reinado de Afonso X. Hai tamén constancia documental de que nesta mesma época a badía de Cádiz estaba sendo colonizada maioritariamente con vascos e cántabros, que nas repoboacións de Xerez e Carmona (Sevilla) os leoneses eran o elemento étnico-lingüístico sobranceiro, ou que no barrio xerezano do Algarve os portugueses constituían a maioría da poboación cristiá. Véxase González Jiménez (1988: 48-65 e 157).

⁶ Frago Gracia (1993:56-57) inclúe unha relación de primeiros repoboadores; entre os nomes achegados podemos sobrancear Diego Ferrández de Asturias, Esteban Páez de Tuy, Juan Domínguez portogalés, Juan Ferrández de Limia, Pedro Pérez de Zamora, Alonso Gallego, Juan de Toro, Juan Zamorano, Pedro de Salamanca, Pedro García gallego, Pedro de León, etc.

No índice de persoas sinaladas na documentación sevillana do XIII por Ostos/Pardo (1989:435-463) figuran veciños de Sevilla de orixes claramente galegas: Alfonso García de Sotomayor, Gómez García de Sotomayor, Fernán Pontiz (Pontes), Esteban Páez de Tuy, Esteban Pérez (cóengo en Ourense), Fernán Eanes Sanjurjo, Fernán Sil, Garci Martínez gallego, Gonzalo Ibáñez Sanjurjo, Juan de Castroverde, Juan Fernández de Limia (pertigueiro maior da Terra de Santiago), Juan Pérez gallego, Juan Pérez Guimaráns, Marina La Gallega, Pay Núñez, etc. Comenta Frago Gracia (1993:59) que “Cuando había masivos desplazamientos de gentes que acudían a llenar espacios de colonización, la referencia toponímica del apellido al menos ayudaba a determinar la procedencia de los emigrados”. É sorprendente observar numerosos vocábulos galegos vivos aínda hoxe na linguaxe popular de Andalucía occidental. Véxase M. Alvar *et alii* (1961-1973) *Atlas lingüístico y Etnográfico de Andalucía*, 6 vols., Granada: Universidad.

⁷ Frago Gracia (1993:61-62). Tamén é esclarecedora do pensamento deste autor a seguinte cita: “...bajo la apariencia de una acusada unidad, la lengua española de los siglos XVI y XVII se hallaba fuertemente quebrada en el plano fonético, ruptura en la que mucho habían tenido que ver las hablas andaluzas, cuya diferenciación, intensa en este nivel, se había fraguado en anteriores centurias.” (Frago Gracia 1993: 40).

Os textos andaluzes do século XIII proporcionánnos unha valiosa información sobre a variación lingüística inicial, que non era meramente estilística, senón, fundamentalmente, de carácter etnolingüístico e rexional. Nalgúns textos conservados da Sevilla recén conquistada⁸ o castelán oficial está lixeiramente tinxido con pinceladas dialectais ou, máis claramente, aparece rechamantemente pintado con interferencias doutras linguas peninsulares, nomeadamente o astur-leonés e, en maior medida, o galego da época.

É cando menos sorprendente que, a pesar da unificación idiomática prosística promovida por Afonso X en todo o Reino de Castela, ou malia o predominio de nobreza e colonos casteláns entre os repoboadores do val do Guadalquivir, é sorprendente –dicimos– que moitos textos presenten leonesismos ou galeguismos tan impactantes, que algúns outros presenten correccións cara ó castelán de *lapsus* galegos, ou que outros poucos cheguen ata os nosos días en forma de mestura galego-castelá ou nun galego salpicado de castelanismos. Isto non fai senón suscita-las seguintes reflexións:

- a) Que os notarios e escribas noroccidentais asentados na Sevilla do XIII, a pesar dos intentos uniformizadores de Afonso X, non dominaban o castelán e seguían a cometer numerosas interferencias das súas linguas de nación.
- b) Que os notarios e escribas galegos redactaban tamén en galego, estivesen na parte do reino onde estivesen, para a clientela da súa mesma nacionalidade.

Debemos ter moi presentes que os documentos notariais da Sevilla do século XIII se rexían e redactaban sobre a base duns formularios bastante ríxidos e repetitivos, e, xa que logo, duns documentos a outros o único que varía son os nomes dos compradores e vendedores, testemuñas, notario, bens transferidos, emprazamento das propiedades, etc. O resto, a literatura do documento, era exactamente igual dun texto a outro, polo que aínda que non soubese ben o castelán, un escriba leonés ou aragonés podería perfectamente copia-lo formulario dun documento anterior sen que se lle notase a orixe.

Pois, así e todo, non son poucos os textos nos que aparecen leonesismos e galeguismos, sobre todo galeguismos, de tipo morfolóxico, léxico e sintáctico, ou mesmo expresións e frases enteiras en galego inseridas nos documentos sevillanos en castelán, boa proba do escaso dominio que desta última lingua tiñan os notarios que servían ós repoboadores. Hai, mesmo, textos rectificadas por man anónima, nos que un galeguismo morfolóxico ou léxico é corrixido posteriormente, xa sexa nos anos inmediatos ou mesmo séculos máis tarde⁹. Non podemos afirmar nada daqueles textos que son copia

⁸ Fernando III conqueiru Sevilla no ano 1248 e axiña promoveu a súa repoboación con cristiáns dos diversos reinos e nacións do norte peninsular. A primeira vaga de colonos non se adaptou ás novas terras e maioritariamente volveu ós seus lugares de orixe. A segunda vaga, entre 1255 e 1265 e composta maioritariamente por casteláns, astur-leoneses e galegos, foi a que se asentou definitivamente na cidade e nos seus arrabaldes. “Los nuevos vecinos eran muy inferiores en número a los antiguos. A ello se le unió el absentismo de la primera oleada repobladora que, abandonando casas y propiedades, volvieron a sus lugares de origen. Alfonso X, por consiguiente, se vio obligado a anular las disposiciones de su padre y a autorizar nuevamente a la ciudad a disponer de haciendas y lugares en beneficio de nuevos repobladores”, Ostos/Pardo (1989:21). Cumpría, xa que logo, escriturar publicamente tódolos negocios e contratos xerados por esta nova situación.

⁹ Nun documento datado o 24 de abril de 1292 e redactado por Domingo López lese *ena* (en + a) na frase “...yo Estewan Bernaldez, capitan mayor *ena* mar por nuestro sennor el rey...” Esta contracción galega é co-

doutros anteriores, non sabemos como podería se-lo orixinal, pero si que son sospeitosos aqueloutros documentos que son copia duns anteriores, e polo tanto copia corrixida, e aínda así presentan algúns galeguismos. E mesmo hai textos que podemos considerar plenamente galegos, se ben presentan algúns castelanismos.

Achéganse aproximadamente a un cento os notarios e escribas públicos que exercían na Sevilla da segunda metade do XIII¹⁰, pasando de trece no ano 1253, cando Afonso X acada o poder, a algo menos dun cento a comezos do século XIV. Na actualidade, e faltando aínda bastante documentación por consultar, pódese asegurar con case completa seguridade que arredor dunha ducia destes notarios e escribas instalados en Sevilla eran galegos de nación. Uns porque o declaran explicitamente, outros porque cometen frecuentes galeguismos na súa prosa documental, e outros, os menos, porque redactan tamén en galego. Á parte, debemos considerar aqueloutros escribas presumiblemente galegos que dominarían o castelán e dos que polo de agora só temos referencias nominais.

A colonia galega da segunda metade do XIII en Sevilla debeu ser importante social e economicamente, pois fóra das adquisicións de terras, mesquitas e casas nas novas zonas de conquista, os galegos seguían posuíndo terras en Galicia e comerciando nelas ou con elas¹¹. Pero co tempo estes colonos galegos foron perdendo lazos co país de orixe e acabaron integrándose na nova sociedade de aluviión e adoptando unha nova lingua: este castelán amalgamado de múltiples acentos e fonéticas que está na base da diverxencia dialectal andaluza.

3. Os documentos sevillanos ós que tivemos acceso son os contidos no volume recopilatorio de Ostos/Prado (1989)¹². Como recoñecen estes autores, falta aínda moito material por expurgar que dormita en arquivos eclesiásticos (Córdoba, Ourense, Cádiz, Coria, Salamanca, etc.) e fondos particulares, e falta tamén aínda algún material por reler, pois bastantes destes documentos son coñecidos unicamente a través das lecturas de autores

rixida anos máis tarde por riba con *en la e*, ó final do texto, figura un engadido con letra distinta no que se le: “*ay raydo e emendado en esta carta o dize ena*”. Neste mesmo texto achamos outros probables galeguismos non corrixidos, como estruturas do tipo “...*todos tres hermanos...*”, “*Et por lo conplir obligamos a...*”, etc.

¹⁰ Pilar Ostos e M^a Luisa Pardo (1989) recolleron documentos sobre os que traballaron principalmente do Arquivo da Catedral de Sevilla, pero tamén do Arquivo Municipal e dos mosteiros de Santa Clara e San Clemente da capital hispalense. Algúns textos foron recuperados dos fondos do Arquivo Histórico Nacional, do Diocesano de León e do da Catedral de Burgos. É cando menos curioso un parágrafo no que manifestan “Asimismo, tenemos constancia de la existencia de otros documentos que entrarían de lleno en este estudio en los Archivos de la Catedral de Córdoba y de Orense, pero nuestro deseo de una consulta directa no ha tenido eco”, Ostos/Pardo (1989: 14).

¹¹ Nun documento do 1 de setembro de 1285 redactado en Sevilla polo escribán público galego Roy Pérez, un tal Lorenzo Páez véndelle a Martín Leboreiro o couto de Sant Viçenço e de Arnoya, “que es en el obispadgo de Orense”. Ostos/Pardo (1989: 318-319). Noutro de 4 de febreiro de 1264 véndense terras no “coto de Çerradello e de Laen (sic) e de Soto Mayor de Ambía e de Piuca e de Ramir en todos los otros cotos..” que están todos “en término de Limia”. Vid Ostos/Pardo (1989: 244-245).

¹² Ostos/Pardo editan un cento de documentos. Temos noticia do volume de A. Ballesteros (1962) *Sevilla en el siglo XIII*, que contén uns douscentos cincuenta documentos, pero é este un libro que non podemos consultar.

como Menéndez Pidal (18: 470-471) ou mesmo o xa dito do noso Martínez Salazar (1896: 232-233) no caso dun documento galego desta cidade. Acontece tamén que na colección de documentos estudiaados por Ostos/Prado, con textos redactados entre os anos 1253 e 1300, hai anos enteiros sen documentación ningunha, ben porque non a acharon, ben porque na escolma de textos non incluíron ningún dalgúns anos en particular. Son os anos ou períodos: 1258, 1260, 1269-1271, 1273, 1279, 1281, 1283 e 1287-1288.

A existencia de documentación en galego na segunda metade do XIII en Sevilla é un feito incontestable, tivemos acceso a un deses textos e, á parte, moitos outros textos presentan galeguismos sangrantes e correccións moi mal disimuladas de formas galegas por formas castelás. Agora ben, ¿u-la vintena de documentos galegos dos que se fala na *Revista Crítica de Historia y Literatura* en 1898? Tódolos autores recoñeceron e recoñecen que aínda falta moita documentación por consultar, algunha en mans privadas e moita en mans eclesiásticas, ¿figuraré algún no referido volume de Ballesteros ou quizais nesa parte ignota aínda non estudiada? ¿terían acceso os estudiosos de finais do século pasado a algunha documentación hoxe esquecida, extraviada ou destruída¹³? ou, por último, ¿chamaríanlle “galegos” a unha serie de textos salpicados de galeguismos que foron redactados por notarios e escribas galegos instalados en Sevilla?

4. Vexamos unha mostra destes galeguismos nos textos sevillanos. No ano 1254 o notario Esteban Tomás redacta un documento onde se aprecian evidentes galeguismos (“...todos los *omes* que esta carta *viren*...”, “...escançiano que *foy* del rey don Ferrando...”), ultracorreccións (“...este herdamiento sobredicho que vos yo *viendo*...”, “...otro omme *qualquiere* que vos...”¹⁴), e alteracións vocálicas insólitas noutros textos que denotan impericia na lingua castelá (“*cuntados*”, “*veniere*”). Vinte anos máis tarde, Esteban Tomás continúa a cometer erros semellantes nos seus documentos; leva vinte anos en Sevilla e aínda non domina o castelán. Con data de 9 de agosto de 1272 lemos nun texto deste notario formas sen ditongar propias do galego-portugués: “...que la mejores siempre e después que *for* meiorada...”, “...en *bona* uerdat...”, ou outras presumiblemente ibero-occidentais como “... e sometemosnos al juyzio de la *ygres*a...”. Catro meses despois, outro documento deste mesmo notario segue a ofrecernos exemplos abondos de formas galegas: “...vendida sana e *bona*...”, “...e *fumos* todos muy bien pagados. Et si en algún tienpo quisiermos *dizer* que non resçebimos...”, “...a pleyto que si alguna cosa *peichar*¹⁵ por esta fiadura...”, “...del mes de *nouembre*...”, etc., etc.

¹³ Algúns autores editan textos medievais sen indicar de onde os copiaron ou onde están os orixinais, secasi non é nada doado verificar estes textos, saber simplemente se aínda existen.

¹⁴ A forma *viendo*, con ditongo incompreensible, aparece no lugar de *vendo*, do verbo *vender*. Sobre a equivalencia *quier* = *quiere* fórmase por falsa analogía *qualquer* = *qualquiere*.

¹⁵ *Peichar* debe ser un cruce do galego-portugués *peitar* co castelán *pechar*.

Casos semellantes ós antes expostos de Esteban Tomás ímolos achar en documentos de Ruy ou Roy Pérez, Ferrán Domínguez, Alfonso Ferrández, Remon Pérez, Remon Gili, Alfonso Pérez, Martín Ruíz, Ferrán Lorenzo, Juan Ferrández, etc., todos eles en activo entre os anos 1253 e 1298. Sabemos por unha serie de trazos lingüísticos que estes notarios galegos aprenderan o castelán central de Castela, moi presumiblemente pasarían pola escola de tradutores de Toledo, cita obrigada para notarios, escribas e tradutores do reino afonsino.

Agora ben, a pesar disto, ningún dos escribas citados se libra da inclusión involuntaria de galeguismos na súa prosa castelá. Roy Pérez, o único notario que se identifica como galego –“yo Roy Pérez, gallego, so testigo” lese nun documento de 1275– repite frecuentemente o numeral *dizesey* ou *dezeseys* (3-1-1278, 9-5-1278, etc.), e no xa citado documento de compra-venda de terras no bispado de Ourense, incorre en ultracorreccións ou expresións enteiras en galego: “...e que lo ayades todo *complidamente a monte e a fonte* por vn cauallo e un manto...”. Outro notario, Ferrant Domínguez, escribe formas como *bona*, *maordomos* ou *deziembre* nun documento do 2-12-1275. Formas sen ditongar como *bona*, *nova*, *trezentos*, *serva*, *soldos*, etc., etc., aparecen con relativa frecuencia en notarios como Ferrán Yuannez, Remon Gili, Remón Pérez, etc.; ultracorreccións como *onradamente* ou *libremiente* son propias da prosa de Ferrán Yuannez. Alfonso Ferrández, por exemplo, non ten clara a distinción dos artigos casteláns *el* e *lo* e confúndeos nun documento do 1.300: “que nos pudiésemos ayudar o amparar contra vos *lo* comprador sobredicho”; ou Domingo López, o 24-2-1292, “(campo)...en linde con *lo* de Don Bregón e con *lo* de donna Eluira...”.

Mentres que a maioría dos notarios sevillanos se decantan por solucións léxicas do tipo *salidas*, *granadal* ou *algorfa*, os notarios presumiblemente galegos empregan con exclusividade *exidas*, *milgranal* ou *sobrado*, respectivamente. Son tamén notarios galegos os que empregan formas como *camear* / *cambear*, *ficar*, *lamber* ou *devisa* / *devesa*, fronte ós *camiar*, *fincar*, *lamer* e *dehesa* dos notarios casteláns. Probablemente, de pescudarmos unha chisca máis no apartado léxico obteríamos algunhas outras diferencias e poderíamos determinar con maior precisión a galeguidade ou non do escriba, se o texto é copia dun orixinal galego ou castelán, etc., etc.

Un aspecto sobre o que repara Frago Gracia¹⁶ verbo dos usos escriturarios destes notarios, é a case total impericia dos notarios galegos e asturianos na representación das grafías correspondentes ós fonemas sibilantes. Mentres que os notarios casteláns demostran, en xeral, un dominio aceptable da distinción gráfica SS/S e Ç/Z en posición inter-

¹⁶ “Y un hecho más de conformidad entre los miembros del grupo notarial gallego-leonés, que considero de la mayor importancia lingüística, es que de los escribanos reseñados, y por lo que los manuscritos que de ellos he leído indican, parecen distinguir la oposición /s/-/z/ Martín Ruiz, Juan Ferrández y Alfonso Ferrández, mientras que inequívocamente confunden estas dos sibilantes Antón Ordóñez, Ferrán Ibáñez, Esteban Tomás, Ferrán Domínguez, Remón Gili, Remón Pérez y Ferrán Lorenzo” (Frago Gracia 1993: 74). “...comete asimismo errores reveladores de igualación /s/ con /z/ aquel Ruy Pérez que por personal confesión nos hace partícipes de su condición de gallego” (*Ibidem*, 75).

vocálica, só tres dos galegos posúen ese mesmo dominio; o resto do colectivo notarial galego confunde estas grafías, proba de que xa se estaba operando na súa fala o fenómeno enxordecedor das sibilantes, a desfonoloxización, ou, quizais, proba de que non tiñan tal distinción xorda/sonora no eido das sibilantes.

Polo de agora todo son indicios e suposicións, noticias sen confirmar e restos moi sospeitosos, pero estamos certos de que coa investigación, expurgación e lectura deses documentos localizados mais, ata hoxe, inaccesibles, poderemos achar textos que testemuñan a vitalidade da nosa lingua alén das nosas fronteiras entre as colonias galegas do medievo. Proba do que estamos a afirmar pode constituílo o documento que a seguir reproducimos, un texto mesturado con máis galego ca castelán, e mesmo con ultracorreccións (“...que sea por ello maltito ou *maldicha* atroena sétima gearaçon...”, ou “...por ruego *desto* escudero...”). Xohán Fernández, fillo de Ferrán Eanes Sanxurxo e María Lourenzo de Golfín, fai testamento e ordena que o enterren en San Paulo de Sevilla, pero que os funerais llos fagan en Santa María de Monfero... o corpo fica en terra allea pero a alma volve á propia terra.

“Era m^a CCC^a XXIII^a et el quot el pmo día dagosto. *Sepan* quantos viren este escrito como este *es* testamento que *yo* Johan fferrández *fijo que fu* de ferrán eanes sanjurgio et de Marina lourenço de Golfim, pmante mando ocorpo eaalma adeus ea sancta María eo corpo a enterrar *al Monestero* de sam Paulo de Seuilla, et mando *amj hermano* Gonzaluo rodrigiz jograr que dé por *mj* alma assancta María de Monffero St.^a soldos que me deue do caambjo do Roçim quelle *cambe* et que me digam y misas por eles quantas forem gisado *los* monges. Et mando y assancta María de Monffero enpura doaçon p *mj* alma et de *mjs* parentes quanta heradat eu ey et deuo por auer de voz de *mj* madre *sobredicha*. et quen quer de *mj* parte o da *agena quegella* enbargar que sea por ello maldito ou maldicha atroena sétima gearaçon. disto *fueron* testigos ffirer (*sic*) Johan de Vilalombrosa. Gonçaluo yuanes sanjurgio, ts. Johan gonzales, ts. Johan Amigo, ts. Johan garci escriuano de Seuilla escriuj. *Don Oro su huespada en cuya casa ssefinó*.

Et *yo* Johan Gonzalez por *ruego* *desto escudero* et de Gonçaluo yuanes fiz escriuir et puge *mj* ssignal et confirmo.”¹⁷

(Sevilla, 1 de agosto de 1285).

BIBLIOGRAFÍA

- Frago Gracia, J. A. (1993): *Historia de las hablas andaluzas*, Madrid: Arco/Libros.
 González González, J. (1951): “Reconquista y repoblación de Castilla, León, Extremadura y Andalucía (siglos XI al XIII)”, en *La reconquista española y la repoblación del país*. Zaragoza, pp. 163-206.

¹⁷ Martínez Salazar non di de onde tirou este texto, por iso Ostos/Pardo non o puideron cotexar co orixinal, “Carecemos de más datos de los que señala dicho autor en su publicación” Ostos/Pardo (1989: 318). ¿Puido pasa-lo mesmo cos outros textos supostamente en galego? ¿úlos?

- González Jiménez, M. (1980): *En torno a los orígenes de Andalucía. La repoblación del siglo XIII*. Sevilla: Servicio de Publicaciones de la Universidad.
- Martínez Salazar, A. (1898): "Documentos medievales", *Revista Crítica de Historia y Literatura*, año 1 n° 7, Madrid, pp. 232-233.
- Menéndez Pidal, R. (1966): *Documentos lingüísticos de España. I Reino de Castilla, Madrid: CSIC* (reimpresión da primeira edición).
- Ostos Salcedo, P. / Pardo Rodríguez, M.^a L. (1988): "Los escribanos públicos de Sevilla en el siglo XIII", en *Actas del VII Congreso Internacional de Diplomática*, Valencia, pp. 513-559.
- Ostos Salcedo, P. / Pardo Rodríguez, M.^a L. (1989): *Documentos y notarios de Sevilla en el siglo XIII*, Madrid: Fundación Matritense del Notariado.